As persoas seleccionadas para cubrir as prazas vacantes, deberán presentar a documentación acreditativa mediante copia auténtica (segundo o artigo 27 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) ou, se é o caso, orixinais, que acrediten os seguintes requisitos esixidos na base xeral 4 e nas bases específicas, que non fosen acreditados coa solicitude de participación.

**15.1 Documentos a presentar:**

O/A aspirante ou aspirantes seleccionados presentarán os seguintes documentos, a excepción dos presentados coa solicitude de participación no proceso:

- Certificación médica acreditativa de non padecer ningunha enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co exercicio das funcións da praza para a que foi seleccionado.
- Declaración xurada actualizada de non ter sido separados/as do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Declaración responsable actualizada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Copia da tarxeta da Seguridade Social.
- Certificado do número de conta bancaria para o ingreso da nómina, e demais datos que resulten necesarios para a formalización do contrato ou nomeamento temporal ou para o abono da nómina.
- Certificado de delitos de natureza sexual para aquelas prazas nas que sexa obrigatorio segundo a normativa vixente.

**15.2. Prazo de presentación.**

As persoas seleccionadas disporán dun prazo de vinte (20) días hábiles para presentar os documentos enumerados no párrafo anterior, contados a partir do seguinte a publicación da Resolución de Alcaldía da relación definitiva de aspirantes seleccionados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**15.3. Lugar de presentación.**

A presentación da documentación farase no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro, en horario de atención ao público, de nove a catorce horas de luns a venres.

**As solicitudes tamén poderán presentarse en calquera dos rexistros que menciona o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, da LPACAP, tendo en conta que os documentos presentados deberán ser orixinais ou copia electrónica auténtica. Se a solicitude se presentase nas oficinas de correos, farase de acordo co artigo 31 do Real decreto 1829/1999, de 3 de decembro, que aproba o regulamento de prestación dos servizos postais.**

**15.4. Falta de presentación de documentos.**

Se o/a aspirante ou aspirantes seleccionados non presentasen os documentos mencionados no punto 15.1 dentro do prazo indicado, salvo en caso de forza maior que deberá xustificar en devandito prazo, ou deles deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos na convocatoria, non poderán ser nomeados ou contratados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen haber incurrido por falsidade nas súas solicitudes de participación, procedéndose ao chamamento a favor do seguinte aspirante con maior puntuación acadada no proceso, ditándose Resolución da Alcaldía ao efecto outorgando un novo prazo de vinte días hábiles ao seguinte aspirante con maior puntuación.

Da mesma forma procederase en caso de renuncia do aspirante ou aspirantes seleccionados...

**RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Aceptar a proposta do Tribunal, declarando a relación definitiva de aprobados en base a Acta das reunións do 28 de novembro de 2023 e do 11 de xullo de 2024, segundo o disposto nos puntos segundo e terceiro da presente resolución.

**SEGUNDO.-** Aceptar a proposta do Tribunal a favor de **D. EUGENIO ALVO GONZÁLEZ**, como **aspirante seleccionado**, para ocupar en propiedade a praza vacante correspondente ao posto da RPT **"OFICIAL/A PRIMEIRO PINTOR"** (OP0.1/125) na Escala Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, como persoal laboral fixo.

De conformidade co disposto na base 15, a persoa seleccionada deberá presentar no prazo de 20 (vinte) días hábiles contados a partir da publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, a documentación establecida na base 15.1, que di:

**"15.1 Documentos a presentar:**

O/A aspirante ou aspirantes seleccionados presentarán os seguintes documentos, a excepción dos presentados coa solicitude de participación no proceso:

- a)** Certificación médica acreditativa de non padecer ningunha enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co exercicio das funcións da praza para a que foi seleccionado.
- b)** Declaración xurada actualizada de non ter sido separados/as do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- c)** Declaración responsable actualizada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- d)** Copia da tarxeta da Seguridade Social.
- e)** Certificado do número de conta bancaria para o ingreso da nómina, e demais datos que resulten necesarios para a formalización do contrato ou nomeamento temporal ou para o abono da nómina.
- f)** Certificado de delitos de natureza sexual para aquelas prazas nas que sexa obrigatorio segundo a normativa vixente...

**TERCEIRO.-** Aceptar a proposta do Tribunal como lista de emprego, ao abeiro da base 14 das Bases xerais e específicas da convocatoria, sendo a lista de emprego a seguinte:

| ORDE | APELIDOS E NOME               | TOTAL PUNTUACIÓN |
|------|-------------------------------|------------------|
| 1    | MONTERO CARRODEGUAS JOSE LUIS | 35,600           |
| 2    | PEREZ VAZQUEZ JOSE LUIS       | 20,660           |



|   |                         |        |
|---|-------------------------|--------|
| 3 | DOCE FOJON EMILIO JOSE  | 20,000 |
| 4 | LIZ OROSA OSCAR         | 11,190 |
| 5 | YÁÑEZ MARTÍNEZ NAZARET  | 7,250  |
| 6 | MENDOZA HERNÁNDEZ JUAN  | 4,950  |
| 7 | CASTRO SÁNCHEZ VALENTÍN | 4,420  |
| 8 | VAZQUEZ YAÑEZ BRAIS     | 1,250  |
| 9 | MARIÑO BOUZA DAVID      | 0,500  |

**CUARTO.-** *Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital da sede electrónica, e no Boletín Oficial da Provincia.*

**QUINTO.-** *Dar traslado da presente Resolución ao Departamento de Persoal, Intervención e Tesorería.*

*Contra a presente resolución, por tratarse dun acto de trámite cualificado, pode interpoñer alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte desta publicación, ante a PRESIDENTA- ALCALDESA deste Concello de Viveiro, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a da presente publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa. Si se optara por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou fora producido a súa desestimación por silencio. Todo elo sen perxuicio de que poda exercer calquer outro recurso que estime pertinente.*

*Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe*

*A Alcaldesa, Ante mín, A Secretaria Xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018,*

*María Loureiro García María Luz Balsa Rábade*

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)”**

Visto que en data 9 de novembro de 2024, saíu publicada renuncia de D. Eugenio Alvo González e D. José Luis Montero Carrodeguas, a ser nomeados para a praza vacante correspondente ao posto da RPT **“OFICIAL/A PRIMEIRO PINTOR”** (OP0.1/125) na Escala Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, como persoal laboral fixo, designando como aspirante seleccionado ao seguinte aspirante con maior puntuación da orde de aspirantes non seleccionados, D. José Luis Pérez Vázquez.

Visto que en data 09 de decembro de 2024, D. Jose Luis Pérez Vázquez presenta no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro, escrito de renuncia a ser nomeado para a praza de **“OFICIAL/A PRIMEIRO PINTOR”** (OP0.1/125) na Escala Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, como persoal laboral fixo.

Visto o establecido no punto 15.4 das bases xerais, que di: **“(…)15.4. Falta de presentación de documentos.**

*Se o/a aspirante ou aspirantes seleccionados non presentasen os documentos mencionados no punto 15.1 dentro do prazo indicado, salvo en caso de forza maior que deberá xustificar en devandito prazo, ou deles deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos na convocatoria, non poderán ser nomeados ou contratados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen haber incurrido por falsedade nas súas solicitudes de participación, procedéndose ao chamamento a favor do seguinte aspirante con maior puntuación acadada no proceso, ditándose Resolución da Alcaldía ao efecto outorgando un novo prazo de vinte días hábiles ao seguinte aspirante con maior puntuación.*

*Da mesma forma procederase en caso de renuncia do aspirante ou aspirantes seleccionados...”*

**RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Aceptar a renuncia presentada por D. Jose Luis Pérez Vázquez, decaendo do seu dereito a ser nomeado Persoal Laboral Fixo para ocupar en propiedade a praza vacante correspondente ao posto da RPT **“OFICIAL/A PRIMEIRO PINTOR”** (OP0.1/125) na Escala Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, para o que fora seleccionado.

**SEGUNDO.-** Designar ao seguinte aspirante con maior puntuación segundo a orde de aspirantes non seleccionados, D. Emilio José Doce Fojón como aspirante seleccionado para ocupar en propiedade a praza vacante correspondente ao posto da RPT **“OFICIAL/A PRIMEIRO PINTOR”** (OP0.1/125) na Escala Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, como Persoal Laboral Fixo.

De conformidade co disposto na base 15, a persoa seleccionada deberá presentar no prazo de 20 (vinte) días hábiles contados a partir da publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, a documentación establecida na base 15.1, que di:

**“15.1 Documentos a presentar:**

*O/A aspirante ou aspirantes seleccionados presentarán os seguintes documentos, a excepción dos presentados coa solicitude de participación no proceso:*

*a) Certificación médica acreditativa de non padecer ningunha enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co exercicio das funcións da praza para a que foi seleccionado.*

*b) Declaración xurada actualizada de non ter sido separados/as do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.*

*c) Declaración responsable actualizada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.*

*d) Copia da tarxeta da Seguridade Social.*

*e) Certificado do número de conta bancaria para o ingreso da nómina, e demais datos que resulten necesarios para a formalización do contrato ou nomeamento temporal ou para o abono da nómina.*

*f) Certificado de delitos de natureza sexual para aquelas prazas nas que sexa obrigatorio segundo a normativa vixente...”*

**TERCEIRO.-** Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital da sede electrónica, e no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.-** Dar traslado da presente Resolución ao Departamento de Persoal, Intervención e Tesorería. Contra a presente resolución, por tratarse dun acto de trámite cualificado, pode interpoñer alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte desta publicación, ante a PRESIDENTA- ALCALDESA deste Concello de Viveiro, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a da presente publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa. Si se optara por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou fora producido a súa desestimación por silencio. Todo elo sen prexuízo de que poda exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 9 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García. Ante min, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, María Luz Balsa Rábade.

R. 3960

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – ALFOZ

#### Anuncio

Extracto da Resolución de 28 de novembro de 2024 do Concello de Alfoz pola que se convocan subvencións para transporte de estudantes curso 2024 2025

BDNS (Identif.): 800753

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/800753>)

a) Crédito orzamentario: 2.500,00 euros. Partida de imputación: 326.480.

b) Obxecto, condicións e finalidade:

O obxectivo é a concesión de axudas económicas individuais destinadas a sufragar os gastos de desprazamento daqueles alumnos/as do Concello que estudan fóra do termo municipal bacharelato e ciclos formativos en centros de ensinanza sostidos con fondos públicos, mediante o uso prioritario do transporte público, nalgunha das seguintes modalidades, e sempre dentro da comarca de A Mariña: Bacharelato, Ciclo

de formación profesional básica, ciclo medio de formación profesional e Ciclo superior de formación profesional, todos eles nas modalidades de Réxime ordinario, Réxime das persoas adultas modalidade presencial (oferta modular) e Formación profesional dual. Ademais, se incorpora como suposto a asistencia de persoas con diversidade funcional a centros de formación ocupacional en A Mariña.

A finalidade é favorecer a escolarización non obrigatoria nos niveis de bacharelato e ciclos de formación profesional, e a asistencia a centros de formación non ocupacional para persoas con diversidade funcional, así como o uso do transporte público.

A tales efectos os estudantes deben estar matriculados en centros sostidos con fondos públicos da Comarca de A Mariña, integrada por:

- Bacharelato\*

-Ciclo de formación profesional básica \*

- Ciclo medio de formación profesional. \*

- Ciclo superior de formación profesional. \*

\* Nas modalidades de Réxime ordinario, Réxime das persoas adultas modalidade presencial (oferta modular) e Formación profesional dual.

No curso 2024/25 inclúese tamén o alumnado con diversidade funcional que asista a Centros de Formación Ocupacional dentro da Comarca da Mariña, de xeito presencial durante os períodos lectivos destes centros, que funcionan en cursos de setembro a xullo, tendo o período de vacacións no mes de agosto.

c) Réxime de convocatoria: Concorrenza competitiva.

d) Beneficiarios e requisitos :

As axudas poderán ser solicitadas polas familias das/os alumnas/os, e en concreto polo menos por un dos proxenitores naturais e por adopción dos menores titulares do Libro de Familia, os seus titores legais, ou polas/os propias/os alumnas/os se son maiores de idade, cando se reúnan os seguintes requisitos:

a.- Toda a unidade familiar, engadido o alumno, deberá cumprir o requisito de estar empadroadada/o e ter residencia efectiva no Concello de Alfoz, salvo no suposto de independencia do solicitante, que se considerará tal se no momento da solicitude ten contrato de traballo en vigor, e en cuxo caso se requirirá o empadramento e residencia efectiva persoal.

b.- Encontrarse matriculado, durante o curso académico que se inicie na anualidade da convocatoria, nalgún dos estudos indicados na base primeira impartidos en centro educativo sostido con fondos públicos da Comarca de A Mariña e manter dita matrícula ata o remate do curso.

c.- O estudante non pode ter cumpridos os 30 anos, tanto no momento da convocatoria como dentro do ano natural no que se publique a mesma, coa excepción das persoas con diversidade funcional.

d.- Non ser o solicitante nin o beneficiario debedor/a a Facenda Municipal, Autonómica ou Estatal así como a Seguridade Social.

e.- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Alfoz.

f.- Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o artigo 10 da lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

g.-Tendo en conta que desde 2021 todos os menores de 20 anos poden utilizar a Tarxeta Xente Nova da Xunta de Galicia, que sufraga os gastos xerados polo transporte durante o curso escolar, o alumnado de BAC e FP que dispoña de autobús desde e ata Alfoz coincidente cos horarios lectivos dos centros educativos nos que estean matriculados no curso 2023/24 non terán dereito a estas axudas do Concello de Alfoz.

O alumnado maior de 20 anos, que non ten dereito á Tarxeta Xente Nova da Xunta de Galicia, pode optar a estas axudas do Concello de Alfoz se cumpre o resto de requisitos e xustificar o gasto xerado polo desprazamento ata o centro educativo durante o curso correspondente segundo as indicacións referidas no apartado corresponde.

h.- O alumnado de BAC e FP e Centros de Formación Ocupacional para persoas de diversidade funcional que acredite a incompatibilidade de horario lectivo co horario do transporte público dispoñible desde o Concello de Alfoz terán dereito á axuda.

e) Documentación a presentar :

a.- Impreso de solicitude (Anexo I) e declaración xurada (Anexo II).

b.- Fotocopia do D.N.I. ou N.I.F. do solicitante (en caso de alumnos/as menores de idade) e do alumno/a.

c.- Fotocopia do Libro de Familia

- d.- Certificado de empadramento e convivencia.
  - e.- Certificado ou acreditación de estar matriculado nos estudos para os que se solicita a axuda.
  - f.- Certificación de titularidade da conta bancaria onde efectuar o ingreso. No caso de alumnos/as maiores de idade, deberán ser titulares da conta bancaria.
  - g.- Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade, no modelo normalizado.
  - h.- Declaración acreditativa do cumprimento dos requisitos, obrigas e condicións necesarias para a obtención da axuda, no modelo normalizado. (Anexo III) onde conste que non anulará matrícula, que destinará a contía económica aos fins establecidos durante o curso académico correspondente.
  - f) Unidade tramitadora: Departamento Técnico de Xestión.
- Órgano competente resolución: Alcaldía
- g) Prazo de presentación de solicitudes: 15 DIAS HÁBILES contados a partir do día seguinte da publicación da presente no BOP e na BDNS.
  - h) Prazo de resolución e notificación: 6 meses.
  - i) Se admite a reformulación de solicitudes.
  - j) A resolución de concesión poñen fin á vía administrativa, cabendo a presentación de recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo de un mes ou ben contencioso-administrativo no prazo de dous meses.
  - k) Criterios de valoración: No suposto de que o número de solicitudes presentadas na convocatoria correspondente, que cumpran os requisitos das presentes bases ,superase a cantidade orzamentaria total asignada, a mesma non se verá modificada, reducíndose en todo caso de forma proporcional a contía asignada a cada beneficiario .
  - l) Medio de notificación: A resolución notificarase aos interesados por publicación no taboleiro de anuncios, páxina web e serán notificados individualmente. Transcorrido o citado prazo sen que se renuncie á subvención, se entenderá tacitamente aceptada.
  - m) Outros datos.

As solicitudes formularanse no modelo normalizado existente nas oficinas de rexistro do Concello e publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e dirixiranse a Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello, presentándose no Rexistro de entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Admítase o pagamento a conta de ata o 50 % da contía total da axuda concedida.

Alfoz, 4 de decembro de 2024.- Alcaldesa- Presidenta, Efigenia Maseda Paz.

R. 3933

---

### *Anuncio*

Extracto da Resolución de 28 de novembro de 2024 do Concello de Alfoz pola que se convocan subvencions para a promoción de actividades deportivas 2024

BDNS (Identif.): 800791

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/800791>)

a) Crédito orzamentario: 1.750,00 euros.

b) Obxecto, condicións e finalidade:

O obxectivo é a concesión de axudas económicas pola organización de actividades deportivas ou relacionadas coa promoción do deporte, incluída a compra de material deportivo.

Os gastos asociados á organización de eventos deportivos, os derivados dos compromisos das federacións de clubs, da xestión ordinaria dos clubs e asociacións e de participación en ligas federadas oficiais, así como os gastos de transporte.

A finalidade é o desenvolvemento de actividades que persigan o fin de fomento do deporte e de vida saudable .

c) Réximen de convocatoria: Concorrenia competitiva.

d) Beneficiarios e requisitos :

Poderán optar a estas subvencións as entidades e asociacións sen fins de lucro, públicas ou privadas, que, cumprindo o prescrito no artigo 13 da Lei 38/2003, e artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, reúnan ademais os seguintes requisitos:

-Estar inscritas no Rexistro de Asociacións do concello de Alfoz .

- O obxecto da entidade debe estar relacionado co fomento da actividade deportiva como obxectivo principal ou transversal noa organización de actividades extraescolares, no seu caso.

- Ter entre outros fins a realización das actividades obxecto da subvención, e en especial pero de forma non excluínte ,os clubs deportivos federados existentes no Concello de Alfoz.

- No caso de ser beneficiaria doutra subvención, axuda económica ou convenio doutra área do Concello de Alfoz ou doutra administración, correspondente ao exercicio económico de 2024 , e para a mesma actividade, o importe total dos ingresos obtidos non poderá exceder do total dos gastos desa actividade.

- Encontrarse ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Alfoz , e con calquera outra administración.

- De ser o caso, ter xustificadas as subvencións recibidas con anterioridade polo Concello de Alfoz .

- Dispor de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos seus obxectivos

- Os centros educativos do Concello de Alfoz: Escola Infantil de Alfoz, CEIP Castro de Ouro e IES Alfoz-Valadouro

En todo caso quedan excluídas as actividades xustificadas polo Club Deportivo Alfoz e a Asociación Deportiva Río Ouro , por ter sido beneficiario/previsto dunha subvención nominativa .

e) Documentación a presentar :

a) Solicitude da subvención segundo Anexo I.

b) Memoria explicativa da actividade que se vai realizar de conformidade co Anexo II.

c) Declaración responsable do representante legal da entidade segundo ANEXO III.

d) Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.

e) Declaración xurada do representante de axudas/subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.

f) Copia do CIF da entidade.

g) Declaración xurada sobre a concorrencia dos criterios obxecto de valoración.

h) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.

f) Unidade tramitadora: Servizos administrativos xerais .

Órgano competente resolución: Concelleiro delegado de Deportes.

g) Prazo de presentación de solicitudes: 15 DIAS NATURAIS contados a partir do día seguinte da publicación da presente no BOP e na BDNS.

h) Prazo de resolución e notificación: 1 mes.

i) Se admite a reformulación de solicitudes.

j) A resolución de concesión poñen fin á vía administrativa, cabendo a presentación de recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo de un mes ou ben contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

k) Criterios de valoración:

I. VALORACIÓN ASOCIACIÓN/ CENTRO EDUCATIVO .- (20 ptos máximo)

1º.- Número de asociados ou alumnado. Ata 8 puntos.

2º.- Antigüidade desde que se constituíu como Asociación / Club /Centro educativo. Ata 12 puntos .

II. VALORACION DA IMPLICACION NO ENTRAMADO SOCIAL MUNICIPAL : (max 100 ptos)

1º.- En función do número de participantes nas actividades programadas . Ata 20 puntos.

2º. En función da repercusión social das actividades. Ata 30 puntos.

3º. En función da duración das actividades ou ligas nas que se participa. Ata 36 puntos.

4º. En atención da súa transversalidade co desenvolvemento municipal. Ata 14 puntos.

### III. NIVEL DEPORTIVO . ( MAXIMO 20 PUNTOS).

Terase en conta únicamente o nivel máis alto de calquera dos seus equipos/conxuntos/deportistas.

### IV.- VALORACIÓN ORZAMENTARIA.- (Máximo 30 puntos)

1.- Subvencións doutras Administracións ou Entidades Públicas en 2024.

2.- Gastos Totais Realizados (xustificados con facturas) no ano 2024( engadidos os orzamentados comprometidos para o último trimestre)

3. - Polos gastos de federación soportados tempada 2023/2024 . Máximo 10 puntos.

l) Medio de notificación: A resolución notificaráse aos interesados por publicación no taboeiro de anuncios, páxina web e serán notificados individualmente . Transcurrido o citado prazo sen que se renuncie á subvención, se entenderá tácitamente aceptada.

m) Outros datos.

As solicitudes formularanse no modelo normalizado existente nas oficinas de rexistro do Concello e publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e dirixiranse á Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello, presentáseno no Rexistro de entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Admítese o pagamento a conta de ata o 80 % da cuantía total da axuda concedida.

Alfoz, 4 de decembro de 2024.- Concelleiro delegado de Deportes, Eliseo Lorenzo García,

R. 3934

### *Anuncio*

Extracto da Resolución de 28 de novembro de 2024 do Concello de Alfoz pola que se convocan subvencións para actividades educativas e formativas 2024

BDNS (Identif.): 800812

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/800812>)

a) Crédito orzamentario: 1.400 euros.

b) Obxecto, condicións e finalidade:

O obxectivo é a regular o outorgamento de subvencións para o desenvolvemento de proxectos, programas ou actividades que persigan un fin educativo pero tamén formativo en distintos ámbitos .

c) Réximen de convocatoria: Concorrenza competitiva.

d) Beneficiarios e requisitos :

De conformidade co indicado no artigo 8.4 da Ordenanza reguladora de concesión de subvencións do Concello de Alfoz, poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases centros públicos educativos do Concello de Alfoz e asociacións de pais e nais e asociacións municipais que teñan implicación no sector primario que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Alfoz e gocen de capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables .

Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As asociacións solicitantes teñen que estar ao día nas súas obrigas tributarias (AEAT e Facenda), así como, coa Seguridade Social.

As entidades solicitantes non poderán ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga

e) Documentación a presentar :

a) Solicitude da subvención segundo Anexo I.

b) Memoria explicativa da actividade que se vai realizar de conformidade co Anexo II.

c) Declaración responsable do representante legal da entidade segundo ANEXO III.

- d) Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.
- e) Declaración xurada do representante de axudas/subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.
- f) Copia do CIF da entidade.
- g) Declaración xurada sobre a concorrencia dos criterios obxecto de valoración.
- h) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.
- f) Unidade tramitadora: Servizos administrativos xerais .
- Órgano competente resolución: Concelleiro delegado de educación, igualdade e participación.
- g) Prazo de presentación de solicitudes: 15 DIAS NATURAIS contados a partir do día seguinte da publicación da presente no BOP e na BDNS.
- h) Prazo de resolución e notificación: 1 mes.
- i) Se admite a reformulación de solicitudes.
- j) A resolución de concesión poñen fin á vía administrativa, cabendo a presentación de recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo de un mes ou ben contencioso-administrativo no prazo de dous meses.
- k) Criterios de valoración:
- I. VALORACIÓN ASOCIACIÓN/ENTIDADE EDUCATIVA .- (20 ptos máximo)
- 1º.- Número de socios ou de compoñentes da Asociación/ alumnos ,, ata 8 puntos.
- 2º.- Antigüedade desde que se constituíu como Asociación , ata 12 puntos. .
- II. VALORACION DA IMPLICACION NO ENTRAMADO CULTURAL DO CONCELLO: (max 100 ptos)
- 1º.- En función do número de participantes nas actividades programadas . Ata 20 puntos.
- 2º. En función da repercusión social das actividades organizadas . Ata 30 puntos.
- 3º. En función do número de actuacións concretas desenvoladas. Ata 36 puntos.
- 4º. En atención da súa transversalidade co desenvolvemento municipal. Ata 14 puntos.
- Por actividades desenroladas dende o propio centro: 10 puntos.
- Por programar e levar a cabo actividades con periodicidade polo menos semestral : ata 7 puntos por actividade.
- III.- VALORACIÓN ORZAMENTARIA.- (Máximo 30 puntos)
- 1.- Subvencións doutras Administracións ou Entidades Públicas en 2024 ; ata 5 puntos.
- 2.- Gastos Totais Realizados (xustificados con facturas) no ano 2024 ( engadidos os orzamentados comprometidos para o último trimestre) , ata 25 puntos.
- l) Medio de notificación: A resolución notificaráse aos interesados por publicación no taboeiro de anuncios, páxina web e serán notificados individualmente . Transcurrido o citado prazo sen que se renuncie á subvención, se entenderá tácitamente aceptada.
- m) Outros datos.
- As solicitudes formularanse no modelo normalizado existente nas oficinas de rexistro do Concello e publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e dirixiranse ao Concelleiro delegado de Educación , presentásen no Rexistro de entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Admítase o pagamento a conta de ata o 80 % da cuantía total da axuda concedida.
- Alfoz, 4 de decembro de 2024.- Concelleiro delegado de Educación, Eliseo Lorenzo García.

R. 3935

---

### Anuncio

Extracto da Resolución de 4 de decembro de 2024 do Concello de Alfoz pola que se convocan subvencions para realización de actividades culturais 2024

BDNS (Identif.) :800887

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/800887>)

a) Crédito orzamentario: 6.000 euros.

b) Obxecto, condicións e finalidade:

O obxectivo é a regular o outorgamento de subvencións co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades culturais que complementen a programación dos servizos municipais e que se realicen con carácter público no Concello de Alfoz.

c) Réxime de convocatoria: Concorrenza competitiva.

d) Beneficiarios e requisitos :

De conformidade co indicado no artigo 8.4 da Ordenanza reguladora de concesión de subvencións do Concello de Alfoz, poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases as asociacións que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Alfoz , que teñan a súa sede social no termo municipal de Alfoz e gocen de capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As asociacións solicitantes teñen que estar ao día nas súas obrigas tributarias (AEAT e Facenda), así como, coa Seguridade Social.

As entidades solicitantes non poderán ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga.

e) Documentación a presentar :

a) Solicitude da subvención segundo Anexo I.

b) Memoria explicativa da actividade que se vai realizar de conformidade co Anexo II.

c) Declaración responsable do representante legal da entidade segundo ANEXO III.

d) Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.

e) Declaración xurada do representante de axudas/subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.

f) Copia do CIF da entidade.

g) Declaración xurada sobre a concorrencia dos criterios obxecto de valoración.

h) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.

f) Unidade tramitadora: Servizos administrativos xerais .

Órgano competente resolución: Concelleira delegada de Cultura.

g) Prazo de presentación de solicitudes: 15 DIAS NATURAIS contados a partir do día seguinte da publicación da presente no BOP e na BDNS.

h) Prazo de resolución e notificación: 1 mes.

i) Se admite a reformulación de solicitudes.

j) A resolución de concesión poñen fin á vía administrativa, cabendo a presentación de recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo de un mes ou ben contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

k) Criterios de valoración:

I. VALORACIÓN ASOCIACIÓN.- (20 ptos máximo)

1º.- Número de socios ou de compoñentes da Asociación,, ata 8 puntos.

2º.- Antigüidade desde que se constituíu como Asociación , ata 12 puntos.

II. VALORACION DA IMPLICACION NO ENTRAMADO CULTURAL DO CONCELLO: (max 100 ptos)

1º.- En función do número de participantes nas actividades programadas . Ata 20 puntos.

2º. En función da repercusión social das actividades organizadas . Ata 30 puntos.

3º. En función do número de actuacións concretas desenroladas. Ata 36 puntos.

4º. En atención da súa transversalidade co desenvolvemento municipal. Ata 14 puntos.



- Por actividades enfocadas á mocidade ( menores de 18 anos) : ata 2 puntos por actividade.
- Por actividades enfocadas á 3ª idade: ata 2 puntos por actividade.
- Pola función didáctica e educativa, engadido o seu valor para promocionar e manter as tradicións e peculiaridades culturais de Alfoz: ata 5 puntos por actividade.
- Pola repercusión turística para Alfoz, en canto á afluencia de persoas doutros municipios ou a promoción de Alfoz noutras localidades : ata 8 puntos por actividade.
- Por programar e levar a cabo actividades enfocadas aos veciños con periodicidade polo menos semestrais durante cada ano no Concello: ata 10 puntos por actividade.

### III.- VALORACIÓN ORZAMENTARIA.- (Máximo 30 puntos)

1.- Subvencións doutras Administracións ou Entidades Públicas en 2024, ata 5 puntos.

2.- Gastos Totais Realizados (xustificados con facturas) no ano 2024( engadidos os orzamentados comprometidos para o último trimestre), ata 25 puntos.

l) Medio de notificación: A resolución notificarase aos interesados por publicación no taboleiro de anuncios, páxina web e serán notificados individualmente. Transcorrido o citado prazo sen que se renuncie á subvención, se entenderá tacitamente aceptada.

m) Outros datos.

As solicitudes formularanse no modelo normalizado existente nas oficinas de rexistro do Concello e publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e dirixiranse á Concelleira de delegada de Cultura , presentánselle no Rexistro de entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Admítese o pagamento a conta de ata o 80 % da contía total da axuda concedida.

Alfoz, 4 de decembro de 2024.- Concelleira delegada de Cultura, Sonia Expósito Goas.

R. 3936

## BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – XOVE

### Anuncio

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2024-1687 DE 4 DE DECEMBRO DE 2024 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA E TRAMITACIÓN ANTICIPADA DAS AXUDAS A EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS DE GANDO VACÚN DO CONCELLO DE XOVE PARA O EXERCICIO 2025

BDNS (Identif.): 801048

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/801048>)

Primeiro. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das axudas as persoas físicas ou xurídicas que consten como titulares da explotación gandeira e estean censados no Concello. (C.E.A. 27025....)

Segundo. Obxecto

O obxecto da presente convocatoria é regular o sistema de concesión de axudas para compensar ós titulares de explotacións gandeiras de gando vacún sitas no concello por perdas derivadas da morte da res correspondente ao exercicio de 2024.

Terceiro. Bases reguladoras

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<https://xove.sedelectronica.gal/transparency/676b7e81-659d-4cf9-9e3b-9b3918520218/>

Cuarto. Contía

A contía prevista para esta actuación na presente convocatoria é 17.000,00 euros con cargo á aplicación 412.479 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal. A presente convocatoria súxéitase ao réxime de tramitación anticipada do gasto regulado no artigo 56 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o

Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 25 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Subordínase polo tanto a autorización do gasto ao crédito para o exercicio no que se autorice no orzamento 2025.

Ao tratarse de un procedemento administrativo que non leva aparelado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión senón que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, e tal e como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da lei anterior.

Sempre e cando se reúnan os requisitos establecidos nas presentes bases, exceptúase o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas non sendo necesario polo tanto a comparación entre as mesmas, co límite do crédito orzamentario existente para a convocatoria.

A axuda alcanzará como máximo un número de dez reses por explotación, e varía en función da idade do animal de acordo co seguinte baremo:

| IDADE                  | AXUDA € |
|------------------------|---------|
| Menos de 1 mes         | 120     |
| Entre 1 e 6 meses      | 200     |
| Entre 6 e 9 meses      | 300     |
| Entre 9 meses e 2 anos | 400     |
| Entre 2 e 4 anos       | 500     |
| Entre 4 e 7 anos       | 400     |
| Entre 7 e 10 anos      | 300     |
| Entre 10 e 14 anos     | 200     |
| Máis de 14 anos        | 0       |

#### Quinto. Requisitos dos solicitantes e do gando obxecto da axuda

Toda explotación gandeira deberá estar rexistrada no censo municipal que a tal efecto elaborará a Concellalía de Agricultura, Gandeiría e Monte.

O solicitante deberá estar ao corrente do pagamento dos tributos do Concello de Xove e a tal efecto a formulación de solicitude da axuda presupón a autorización para recadar a información que verifique o cumprimento de tal extremo.

Para poder disfrutar da axuda o gando deberá dispor da carta de saneamento, excepto as reses que nazan ou se compren entre campañas de saneamento. Neste caso, se o xato está chapeado esixirase que estea anotado no Libro de Explotación do titular.

Asímesmo, para ter dereito á subvención no que atinxe a gando comprado, deberá ter una estadía mínima de dous meses na explotación do solicitante, tanto se trate das reses como das súas futuras crías.

#### Sexto. Prazo de presentación das solicitudes

Data límite de presentación de solicitudes:

O prazo establecido para a presentación de solicitudes será todo o exercicio 2021. As solicitudes deberán presentarse antes de que transcurran 2 meses dende a data da morte do animal obxecto de axuda.

Documentación a presentar: impreso oficial completo acompañado da documentación esixida nas bases reguladoras da presente convocatoria.

Lugar de presentación: Sede electrónica do Concello de Xove [www.xove.es](http://www.xove.es), ou ben presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Xove. Camiño Real, s/n; 27880, Xove (Lugo)

Así mesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Xove, 4 de decembro de 2024.- O alcalde.- José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3937